




A vestimenta

Substantivos

Pezas de roupa

abrigo [gabán]
albornoz
americana
anorak
bañador
bata
bermudas
bikini
blusa [chambra]
braga
calza
calzón [cirolas]
camisa
camiseta
camisón
capa
cazadora
chal
chaleco
chambra [blusa]
chándal
chaqué
chaqueta
chaquetón
chuvasqueiro
cirolas [calzón]
enagua
faixa
frac
gabán [abrigo]
gabardina
gardapó
impermeable
levita
mandil [mantelo]
mantelo [mandil]
mantón
minisaia

muda
pantalóns
pixama
polo
poncho
saia
smóking



sotana
suadoiro
toga
traxe
uniforme
vaqueiros
vestido
xersei
zamarra

Obxectos e complementos

abano
alfaia [xoia]
alfinete
anel [sortella]
anteollos [lentes]
antuca [parasol]
apertador [suxeitador]
babeiro
bastón [caxato]
boina [pucha]
bolso
botón de puño
broche
bufanda
cadea
calcetín [peúgo]

calzador
carteira
caxato [bastón]
chapeu [sombreiro, pucho]
chistera
cinta [fita]
cinto
cofia [touca]
colar
cueiro
diadema
faldriqueira
fita [cinta]
fular
fungo
gorra
gorro
gravata
gravata de lazo
guante [luva]
lentes [anteollos]
liga
ligueiro
luva [guante]
manopla
medias
moedeiro [portamoedas]
pamela
pano da cabeza
pano da man
parasol [antuca]
paraugas
pasamontañas
pendente
perruca
peúgo [calcetín]
pinza
portamoedas [moedeiro]
prendedor
pucha [boina]

pucho [sombreiro, chapeu]
pulseira
reloxo
sombreiro [chapeu, pucho]
sortella [anel]
suxeitador [apertador]
tirante
touca [cofia]
veo
viseira
xoia [alfaia]

Partes de pezas de roupa e de complementos


aba
abelorio [doa]
basta [dobra]
botoeira [ollal]
botón
bragueta [petrina]
broche
calcañar
capucha



carapucha
cintura
cobadeira
colo
cremalleira
doa [abelorio]
dobra [basta]
embozo
escote
farrapo
fibela

Léxico

forro
lapela [solapa]
lazada [lazo]
lazo [lazada]
manga
mendo [remendo]
nó



ollal [botoeira]
ombreira
perna [perneira]
perneira [perna]
pespunto
peto
petrina [bragueta]
puño
remendo [mendo]
solapa [lapela]
talón
xeonlleira
zurcido

Calzado

alpargata
bota
botina
catiúsca
chancleta
chinela
galocho [zoco]
mocasín
pantufla
sandalia
tenis
zapatilla
zapato
zoca
zoco [galocho]

Partes do calzado

agulleta [ferrete]
amalló [cordón]
biqueira [punteira]
calcañeira [calcaño]
calcaño [calcañeira]
cana

contraforte
copete [lingüeta]
cordón [amalló]
empeña
ferrete [agulleta]
illó
lingüeta [copete]
piso [sola]
plataforma
punteira [biqueira]
sola [piso]
taco [tacón]
tacón [taco]
tapa

Tipos de tecidos

algodón
coiro
encaixe
felpa
la
liño
muselina
nailon
pana
poliéster
raso
satén
seda
tafetá
tergal
tule
veludo

Adxectivos

aberto/a
abrigoso/a
amplio/a [folgado/a]
anticuado/a
apertado/a
áspero/a
aveludado/a
axustado/a [cinguido/a]
barato/a
brillante [relucente]
caro/a
chamativo/a
cinguido/a [axustado/a]
confortable
cotroso/a [goldrento/a]

cumprido/a [longo/a]
curto/a
discreto/a
dondo/a [suave]
elegante
engurrado/a
esfarrapado/a [farrapento/a]
espido/a [nu/núa]
estampado/a
estreito/a
extravagante
farrapento/a [esfarrapado/a]
fino/a
folgado/a [amplo/a]
goldrento/a [cotroso/a]
grande
limpo/a
liso/a
livián/liviá [lixeiro/a]
lixeiro/a [livián/liviá]
longo/a [cumprido/a]
moderno/a
multicolor [policromo/a]



novo/a
nu/núa [espido/a]
opaco/a
pasado/a
pechado/a
pequeno/a
pesado/a
plisado/a
policromo/a [multicolor]
precioso/a
raiado/a
raído/a
raqúitico/a
rechamante
relucente [brillante]
repasado/a
satinado/a

sinxelo/a
solto/a
suave [dondo/a]
sucio/a
sufrido/a
transparente
usado/a
vaporoso/a
vello/a
vistoso/a
vulgar
xusto/a

Verbos

abatar
abotoar
abrochar
abrigar
abrillantar [lustrar, puír]
acaer [sentar, quedar]
acicalar(se) [enfeitar(se)]
acurtar
adobiar [adornar]
adornar [adobiar]
afrouxar
alongar
amalloar
amañar [arranxar]
amidonar
anoar [atar]
apertar
arranxar [amañar]
arremangar(se) [refucir(se)]
atar [anoar]
ataviar
axustar [cinguir]
bordar
calcetar
calzar
cepillar
cinguir [axustar]
combinar [conxuntar]
conxuntar [combinar]
cortar
coser
denudar(se) [espir(se)]
desabotoar
desabrochar
desanoar [desatar]

desatar [desanoar]
 descalzar
 descoser
 deseñar
 distinguir
 dobrar [pregar]
 encoller [tupir]
 enfeitar(se) [acicalar(se)]
 enfiar
 engurrar
 ensuciar [luxar, manchar]




enxugar [secar]
 esfiañar [esfiar]
 esfiar [esfiañar]
 esgazar [rachar]
 espir(se) [denudar(se)]
 estirar
 estrear
 fiar
 forrar
 ganduxar
 lavar
 limpar
 lustrar [puír, abrillantar]
 luxar [ensuciar, manchar]
 manchar [ensuciar, luxar]

mendar [remendar]
 mudar(se)
 pasar o ferro
 pespuntar
 plisar
 pregar [dobrar]
 probar
 puír [abrillantar, lustrar]
 quedar [sentar, acaer]
 rachar [esgazar]
 recortar
 refucir [arremangar]
 rematar
 remendar [mendar]
 repasar

Léxico

romper
 secar [enxugar]
 sentar [acaer, quedar]
 servir
 tecer
 tinguir
 tupir [encoller]
 vestir
 zurcir



A vestimenta

Actividades



1. Agrupa e ordena as sílabas de cada cor ata formar o nome dos seis elementos do vestiario (pezas de roupa, calzado, complementos...). Despois asocia cada un destes elementos coas súas partes.

pan de to ro cha za a co to som
 que brei pa lar ca lóns cin ta ta



Parte Elemento

lapela
 elo
 peto
 sola
 fibela
 doa
 aba

— Crea oracións combinando as parellas de palabras que acabas de formar.

-
-
-
-
-
-
-

- 2.** Resolve o seguinte encrucillado cos nomes das pezas de roupa e complementos sinalados con números no debuxo.





3. Localiza na sopa de letras as palabras que designan as partes da bota que quedan por nomear. Logo completa adecuadamente o debuxo.



4. Resolve estas adiviñas.

O meu ser nun punto empeza
e nun punto ha acabar;
se din o meu nome enteiro,
metade aínda ha faltar.

Ten copa e non para tomar;
ten alas e non para voar.

Que cousa é que cando está atada
anda montes e moreas,
e cando está desatada
está parada?

5. Identifica os oito verbos relacionados coa vestimenta que ofrecemos deseguido. Para iso terás que descubrir a cor que representa cada vogal.

a → e → i → o → u →

b t o r

t p r

p s r

o n x g r

d s t n g r

l x r

r f c r

c n g r

— Usa os verbos anteriores para completar adecuadamente estas oracións.

- Non metas na lavadora esa camisa porque vai e despois quedarache pequena.
- Con algo o vestido á cintura, xa que che quedará perfecto.
- Vou o gabán porque vén un vento frío do demo.
- Non xogues con esa pelota enlamada porque vas o pantalón novo.
- Non pensaba que o xersei vermello fose Agora xa é rosa.
- Despois de as mangas da camisa, púxose a preparar a masa da empanada.
- Poñede a vosa roupa a , que está toda mollada.
- Voulle o ferro a esa blusa chea de engurras.



— Actividades

6. Relaciona, con flechas, cada adxectivo da esquerda co seu sinónimo e co seu antónimo.

	<u>Sinónimo</u>	<u>Antónimo</u>
cinguido	nu	incómodo
lixeiro	dondo	pesado
chamativo	livián	vestido
suave	axustado	anticuado
cómodo	vistoso	frouxo
longo	actual	discreto
espido	confortable	curto
moderno	cumprido	áspero

— Crea un texto breve no que introduzas, con sentido, algúns dos adxectivos anteriores.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

7. Explica cal é o significado destes refráns e indica unha situación en que poderías utilizar cada un.

O que do alleo se viste, na rúa o ispen.

- Significado:
- Situación:

Quen se viste de ruín pano, dúas veces viste ao ano.

- Significado:
- Situación:

Vestir a uso, calzar a gusto.

- Significado:
- Situación:

Viste un ladrón e parecerache un señor.

- Significado:
- Situación:



8. Fai o salto do cabalo neste taboleiro e descubre, sílaba a sílaba, seis nomes de tipos de tecidos usados para a confección de roupa. Comeza polo recadro marcado co punto.

• COI	AL		ÑO
LU	LI	SE	LA
GO	RO	VE	
	DO	DÓN	DA

• • • • • •

— Completa estas oracións coas palabras anteriores.

- Despois de poñerme aquel cosmético na cara, a pel quedoume como a
- A revolta popular foi pacífica, por iso se lle chamou a «revolución de ».
- O dianteiro golpeou o con todas as súas forzas e bateu o porteiro.
- Naquelas fotos antigas vese como mazaban antes o
- Antigamente, nos Estados Unidos, moitos escravos negros traballaban nos campos de
- As ovellas de Nova Zelandia producen unha de gran calidade.

9. Relaciona cada frase feita co seu significado.

Frases feitas

- A. Vestir camisa lavada.
- B. Lanzar a luva.
- C. Verse en calzas pretas.
- D. Andar coa area no zoco.
- E. Cortarlle un traxe a alguén.

Significados

- ☐ Desconfiar.
- ☐ Criticar duramente.
- ☐ Retar, desafiar.
- ☐ Verse nun grande apuro.
- ☐ Non deber favores.

— Crea un breve texto no que introduzas, con sentido, as cinco expresións anteriores.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....



Actividades

10. Reescribe estas oracións corrixindo os castelanismos que conteñen.

- Ela viuno chorando e ofreceulle un pañuelo que levaba no bolsillo.

.....

- Vou planchar a miña minifalda verde, que está chea de arrugas.

.....

- Teño que hilvanar as dobras dos pantalóns de lino, que me quedan grandes.

.....

- Despois de lle quitar o pañal, o bebé quedou desnudo.

.....

11. Le detidamente este texto e completa a táboa con palabras tiradas del.

Don Laureano Saco, o cura párroco, é un home ben curioso. Mentres come, fala sen parar e conta anécdotas e sucedidos, discute, engole as viandas e envía chopes de viño sen pechar a boca. Aínda así está fraco, moi fraco, coma se pasase fame todo o ano e se estivese desquitando agora, cousa que, xaora, non é certa. Seica sempre traga así e berra así. Veu montado nunha burra, coa súa sotana vella e raquítica, chea de mendos e cotrosa; por baixo dela, que lle queda curta, uns pantalóns de pana dos que se ven as dobras raídas e por riba dela o abrigo goldrento. Do colo do abrigo, por baixo da caluga, colga o paraugas negro, grande, con varas grosas, que trouxo por se chovía. Calza botas de coiro e leva, por fóra da sotana, unha bufanda amarela anoada ao pescozo. Cóbrese cunha pucha enorme, que non saca nin para xantar. O que tira, en cambio, é un pano da man que leva atado desde a queixada, que é moi grande e sobresainte, sobre as meixelas e sobre a cabeza, supoño que para que o vento non lle arrinque a boina.

Xosé Miranda, *Pel de lobo*

Substantivos					Adxectivos
Pezas de roupa	Partes das pezas de roupa	Obxectos e complementos	Calzado	Tipos de tecidos	
.....					
.....					
.....					
.....					
.....					
.....					
.....					
.....					